



## BASES REGULADORAS DO PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN DE AXUDAS MUNICIPAIS DE APOIO AO ESTUDIO PARA O CURSO 2020/2021

### CONVOCATORIA 2020

#### 1. OBXECTO DA CONVOCATORIA

É obxecto das presentes Bases regular a concesión de Axudas Municipais de apoio ao Estudio no curso escolar 2020/2021, con destino a unidades familiares con menores matriculados en Educación Infantil, Primaria e Secundaria.

Axudas dirixidas para a adquisición de **material básico, material escolar, libros, equipamento informático, e material de prevención sanitaria e hixiene** dos centros de ensino de referencia do Concello de Forcarei.

Estas axudas son compatibles con outras axudas para a mesma finalidade, procedentes de organismos públicos ou privados.

As axudas outorgaranse de acordo aos principios de publicidade, concorrencia e obxectividade.

#### 2. DOTACIÓN ORZAMENTARIA

O orzamento inicial **ascende a 7.000 euros**, con cargo á partida orzamentaria 231.22609.

#### 3. TIPOLOXÍA E CONTÍA DAS AXUDAS

Serán obxecto destas Bases de Axudas Municipais de apoio ao Estudio para o curso escolar 2020/2021 os gastos derivados de:

- Material básico para o alumnado de Educación Infantil, Primaria e Secundaria (mandilón, roupa, chándal, calzado, zapatillas de deporte, mochila, fruta, etc.).





- Material escolar / libros, de ser o caso, excluindo expresamente o material escolar e os libros de texto que sexan subvencionados ou cedidos por outras administracións.
- Material informático para o alumnado de Educación Primaria e Secundaria (como poden ser: pincho USB, tablet, impresoras, etc.).
- Material de prevención sanitaria e hixiene (máscaras hixiénicas e xel hidroalcolico se precisan).

As contías das axudas a conceder poderán constituír o cen por cento do custe total. O importe máximo para o curso 2020/2021 das Axudas para a adquisición de **material básico, escolar, libros, equipamento informático e material de prevención sanitaria e hixiene** para estudantes de Educación Infantil, Primaria e Secundaria será dun **máximo de 150 euros por alumno/a**.

As axudas a abonar estarán en función do gasto realizado e xustificado, dando lugar, se é o caso, a unha minoración da contía inicialmente concedida.

#### **4. BENEFICIARIOS:**

Poderán ser beneficiarios destas axudas as familias empadroadas no Concello de Forcarei que teñan menores ao seu cargo, matriculados para o curso escolar 2020/2021 nalgún centro de ensino público de Forcarei, nas ensinanzas de Educación Infantil, Primaria e Secundaria.

En cada unidade familiar só un dos seus membros terá a condición de persoa beneficiaria das axudas, e poderanse conceder tantas axudas como número de menores teñan matriculados en Educación Infantil, Primaria e Secundaria.

No suposto de que a demanda supere a capacidade orzamentaria, a prioridade na **concesión das axudas virá dada pola avaliación e baremación** da solicitude, de acordo cos criterios establecidos na base OITAVA da convocatoria, ata esgotar os orzamentos destinados a tales fins.





## **5. REQUISITOS XERAIS DAS PERSOAS SOLICITANTES:**

1. Todos os membros da unidade de convivencia deberán de figurar empadroados e residir de modo efectivo no Concello de Forcarei na data de publicación no B.O.P. de Pontevedra do anuncio desta convocatoria.
2. Convivir, na unidade familiar, as/os alumnos para os que se solicita a axuda.
3. Estar matriculado/a en Educación Infantil, Primaria e Secundaria para o curso escolar 2020/2021, nos centros de ensino do Concello de Forcarei.
4. Ter presentada a solicitude e documentación no prazo establecido.
5. Non superar os ingresos económicos fixados na base oitava.

## **DETERMINACIÓN DA UNIDADE FAMILIAR:**

Considéranse unidade familiar a formada polo pai, nai, titor ou persoa encargada da garda e protección do menor, e os fillos solteiros, **menores de vinte e seis anos**, do solicitante que convivan no domicilio familiar ata a data da publicación da presente convocatoria. A separación transitoria motivada por razóns de estudo, traballo, tratamento médico ou outras causas similares, non rompe a convivencia a estes efectos. Cando algún dos membros da unidade familiar teña recoñecida algunha discapacidade con grao igual ou superior o 75% ou estea valorado como dependente en calquera dos graos establecidos segundo a Lei 39/2006 de 14 de novembro de Promoción da autonomía persoal e atención a persoas en situación de dependencia, computarase como un membro da unidade familiar. No caso de divorcio ou separación legal dos pais, non se considerara membro computable aquel que non viva no domicilio, agás no suposto de custodia compartida.

Nos supostos de situacións de acollemento familiar, será de aplicación a familia de acollida os mesmos criterios.

## **6. FORMALIZACIÓN DE SOLICITUDES E PRESENTACIÓN DE DOCUMENTACIÓN:**

As solicitudes presentarase no Rexistro Xeral de Entrada do Concello de Forcarei ou por calquera dos procedementos establecidos no **artigo 16.4 da Lei 39/2015**, de 1 de





outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, segundo modelo Anexo I, acompañadas da documentación acreditativa de cumprimento de requisitos e circunstancias que permitan avaliar a situación socio-familiar.

As solicitudes presentaranse acompañadas da seguinte **documentación**:

1. Fotocopia do D.N.I. do/a solicitante, pasaporte ou NIE vixente.
2. Fotocopia do Libro de familia completo ou documento oficial acreditativo dos membros da unidade familiar coa súa data de nacemento.
3. Certificado de empadramento familiar.
4. Xustificante da matrícula ou de reserva de praza en calquera os centros de ensino público de Forcarei.
5. Fotocopia da certificación do grado de discapacidade e/ou dependencia dos membros da unidade familiar recoñecidos como tales, no seu caso.
6. Declaración de estar ao corrente das obrigas fiscais.
7. Declaración doutras axudas percibidas ou solicitadas coa mesma finalidade, de calquera organismo público ou privado.
8. Fotocopias das nóminas dos seis primeiros meses do ano 2020 de todos aqueles membros da unidade familiar ou xustificante de empresa das rendas do traballo.
9. No caso de ser pensionista ou desempregado, achegárase o certificado do organismo correspondente. Os traballadores autónomos deberán presentar a segunda declaración trimestral do IRPF do ano 2020.
10. Declaración da renda do ano 2019, no caso de non habela feito presentarse certificación negativa emitida por Facenda.

**Documentación a presentar pola Administración Local:**

- Certificado expedido pola Tesourería do Concello de non ter débedas coa entidade municipal os titores legais do alumnado.
- Certificado de Convivencia.

Cando se presenten fotocopias de documentos, deberanse presentar compulsados ou achegar o documento orixinal para a compulsa dos mesmos.





## **7. PROCEDIMIENTO DE TRAMITACIÓN:**

— As solicitudes e documentación pertinente presentaranse no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera das modalidades contempladas no artigo **artigo 16.4 da Lei 39/2015**, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, dentro do prazo sinalado. **Non se admitiran solicitudes fora de prazo.**

— As solicitudes presentadas remitiranse ao Departamento de Servizos Sociais onde se procedera a incorporación de datos no soporte informático correspondente e realizaranse as seguintes tarefas:

a) Comprobación dos requisitos esixibles e da documentación acreditativa e, si fose o caso, requirir a subsanación da solicitude ou documentación, con indicación de que se así non se fixera, terase por desistida da súa petición.

b) Estudo, valoración e baremación de cada unha das solicitudes presentadas que deberá quedar reflectido no informe social, elaborado pola persoal técnico de Servizos Sociais do Concello de Forcarei.

c) Informe Social, valoración e proposta técnica de resolución por parte do/a Traballador/a Social do Concello de Forcarei.

O informe de valoración das solicitudes presentadas así como a proposta técnica de resolución será remitido á Alcaldesa para realizar a correspondente Resolución.

## **8. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E BAREMO:**

Os ingresos económicos que se computarán serán os referentes aos **seis primeiros meses do ano 2020.**

**Para a concesión da axuda terase en conta o número de membros da unidade familiar de convivencia e os ingresos mensuais destes, tomando como referencia para as formadas por dúas persoas o Salario Mínimo Interprofesional estimado**





para o ano 2020 en 950,00 €/mes. Incrementárase o 30% do SMI por cada membro adicional da unidade familiar de convivencia a partir do terceiro.

| <i>Nº de membros da unidade familiar</i> | <i>Ingresos mensuais</i> |
|--|--------------------------|
| 2  | 950,00€                  |
| 3  | 1.235,00€                |
| 4  | 1.520,00€                |
| 5  | 1.805,00€                |
| 6  | 2.090,00€                |
| 7  | 2.375,00€                |
| 8  | 2.660,00€                |

\*A efectos do cómputo de ingresos nos casos en que a persoa ou familia habiten nunha vivenda en réxime de aluguer, ou en propiedade que estean a pagar, a contía do aluguer ou da hipoteca descontárase do total de ingresos familiares para obter os ingresos netos ata un máximo de 300 €.

Unha vez comprobado o cumprimento deste requisito, os **criterios de valoración da solicitude son os seguintes:**

- Os ingresos económicos da unidade familiar non superen as cuantías estimadas, segundo número de membros da unidade familiar e ingresos mensuais.
- Situación de dificultade socioeconómica da unidade familiar, na que se desglosa a seguinte puntuación:
  - As familias incluídas no Programa de Apoio ás Familias no ámbito dos Servizos Sociais Comunitarios : 1 punto.
  - As familias con todos os membros en situación de desemprego: 1,5 puntos.
  - As familias beneficiarias da RISGA (Renda de Integración Social de Galicia) ou de Prestacións de Apoio Familiar como perceptores da P. F. (Prestación Familiar por fillo a cargo): 1,5 puntos.





- As familias nas que algún/s membro/s teña unha discapacidade con grao igual ou superior ao 65%, ou estea valorado como dependente en calquera dos graos establecidos segundo a Lei 39/2006, de 14 de decembro: 0,5 puntos.
  - As demais circunstancias a considerar pola Traballadora Social do Concello, especificadas no correspondente informe social : 0,5 puntos.
3. Familias monoparentais: 2,5 puntos.
  4. Familias numerosas: 2,5 puntos.

### **9. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E PUBLICIDADE:**

O Anuncio das Bases da convocatoria será publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, e as Bases no Taboleiro de Anuncios do Concello de Forcarei, e no Taboleiro de Anuncios da Sede Electrónica do Concello ([forcarei.sedelectronica.gal](http://forcarei.sedelectronica.gal)).

Darase publicidade ademais nos centros de ensino públicos do termino municipal e nas ANPAS dos mesmos.

**Concédesse o prazo de dez (10) días hábiles** para a presentación de solicitudes que se iniciará ó día seguinte da publicación do Anuncio das Bases da Convocatoria no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

**Non se admitirán solicitudes fóra de prazo sinalado.**

### **10. RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES E RÉXIME DE RECURSOS:**

**Por Resolución da Alcaldía aprobaranse** as Axudas en base o informe técnico emitido pola Traballadora Social do Concello de Forcarei, sendo comunicada con posterioridade aos interesados mediante exposición no taboleiro de anuncios do Concello de Forcarei.

Contra a resolución adoptada na execución das presentes bases, poderase interpor recurso de reposición perante o órgano que a ditou no prazo de un mes dende a recepción da Resolución.





Entenderase desestimado o recurso se transcorrido un mes dende a súa presentación non se obtivese resposta, podendo nese caso interpoñer recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses, tal e como prevé o artigo 8 da Lei 29/1998 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

### **11. XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO DAS AXUDAS:**

O pago das axudas non se efectuará directamente aos beneficiarios, senón aos **establecementos subministradores** de material básico, escolar, libros, equipamento informático e material de prevención sanitaria e hixiene. Establecementos situados, preferentemente, no termino municipal, fomentando de este xeito o comercio local. O abono realizarase ao establecemento provedor do material básico, escolar, libros, equipamento informático e material de prevención sanitaria e hixiene, seguindo o réxime xeral de tramitación de facturas.

A efectos de xustificación os beneficiarios presentarán un “**vale**”, outorgado previamente pola Administración Local, debidamente selado polos establecementos que haxan subministrado o material.

Os **beneficiarios** terán un prazo para presentar o “**vale**” para xustificar a axuda concedida, debidamente selado polos establecementos. Este prazo finalizará o día **12 de novembro de 2020**.

En canto aos **establecementos provedores**, deberán emitir as facturas a nome do Concello de Forcarei antes do **20 de novembro de 2020** a través do Rexistro Xeral de entrada do Concello de Forcarei, especificando no concepto da factura o seguinte: **Axudas ao estudo curso 2020/2021**.

### **12. REINTEGRO E RÉXIME SANCIONADOR:**

A falsidade ou ocultación dos datos ou documentos achegados polos solicitantes suporá a devolución da axuda no caso de tela percibida e implicará o impedimento dunha nova solicitude por un período de dous anos.







O que se fai público aos efectos de establecemento do prazo de presentación de solicitudes por parte das persoas interesadas, tal e como se recolle nas indicadas Bases.

**Forcarei, 18 de Setembro de 2020**

**A ALCALDESA,:**

**VERONICA PICHEL GUISANDE**

**(Documento asinado electronicamente)**






## ANEXO I: SOLICITUDE

### AXUDAS MUNICIPAIS DE APOIO AO AXUDAS MUNICIPAIS DE APOIO AO ESTUDIO PARA O CURSO 2020/2021

| SOLICITANTE:                             |                    |           |       |
|--|--------------------|-----------|-------|
| Apelidos e nome:                         |                    |           |       |
| DNI nº:                                  | Data de nacemento: | Teléfono: |       |
| Enderezo:                                |                    |           |       |
| E NA SÚA REPRESENTACIÓN                  |                    |           |       |
| Nome:                                    |                    |           |       |
| DNI nº:                                  | Teléfono:          |           |       |
| Enderezo                                 |                    |           |       |
| ALUMNOS PARA OS QUE SE SOLICITA A AXUDA: |                    |           |       |
| Apelidos e nome                          | Data de nacemento  | DNI       | Curso |
|  |                    |           |       |
|  |                    |           |       |
|  |                    |           |       |
|  |                    |           |       |
|  |                    |           |       |
|  |                    |           |       |





**DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:**

|   |
|---|
| D.N.I. da/o solicitante, pasaporte ou NIE.  |
| Certificado de convivencia.   |
| Certificación da matrícula do centro educativo para o curso escolar 2020/2021, no que conste o curso para o que se solicita a axuda.  |
| Libro de Familia ou documentación oficial acreditativa dos membros da unidade familiar coas súas datas de nacemento.  |
| Declaración do IRPF do exercicio 2019, correspondente a cada un dos membros computables da unidade familiar; ou Certificado de Imputacións do I.R.P.F. do ano 2019, no suposto de non estar obrigado a realizala, expedido pola Administración Tributaria de Facenda. |
| Certificacións de empresa ou fotocopias das nóminas.  |
| Certificacións do INEM sobre prestacións desemprego.  |
| Certificacións sobre pensións e de prestacións de outras Administracións Públicas.  |
| Convenio regulador e documentos xustificativos das achegas económicas actualizados, nos supostos de separación o divorcio. No seu defecto declaración xurada de non percibir pensión alimenticia.   |
| Xustificación, no seu caso, do aluguer da vivenda ou amortización do préstamo bancario para adquisición da mesma.   |
| Certificación do Grao de Discapacidade e/ou de Dependencia, no caso de que algún membro da unidade familiar estea afectado por ela.   |
| Calquera outra documentación que se considera conveniente na instrución do procedemento de resolución.  |

**SINATURA DO SOLICITANTE**

Forcarei, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2020

**SRA. ALCALDESA DO CONCELLO DE FORCAREI**

